

ORDE do 18 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos premios do Comercio galego 2025. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. DOG 162 (26/08/2025)

Obxeto

Esta orde ten por obxecto establecer as bases que rexen os premios do Comercio galego, co obxectivo de recoñecer o labor dos/das profesionais do sector comercial e contribuír á súa difusión como panca para o desenvolvemento económico e social das vilas e cidades.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

Código de procedemento: IN214C

Persoas beneficiarias

Categoría Premio	Características	Requisitos
Comercio Galego 2025 Premio: 5.000 €	Recoñecemento ao establecemento comercial que exemplifique os valores do comercio de proximidade mediante a implantación dun modelo de negocio moderno, competitivo e adaptado a novos retos.	Comerciantes retallistas que desenvolvan a actividade comercial en Galicia
Comercio Traxectoria 2025 Premio: 3.000 €	Recoñecemento ao comercio con longa traxectoria que pola súa permanencia crease un vínculo especial coa súa vila.	Comerciantes retallistas con antigüidade mínima de 30 anos.
Comercio Emprende 2025 Premio: 3.000 €	Recoñecemento ao establecemento comercial novo que ofrezca unha experiencia de compra diferenciada.	Comerciantes retallistas con antigüidade entre 2 e 4 anos.
Comercio Dinamización 2025 Premio: 5.000 €	Recoñecemento á mellor iniciativa de dinamización comercial nos últimos 3 anos.	Asociacións e federacións de comerciantes retallistas e asociacións de vendedores das prazas de abastos.
Comercio Sostible 2025 Premio: 3.000 €	Recoñecemento á mellor iniciativa de promoción do consumo responsable e sustentable.	Comercios retallistas e asociacións e federacións de comerciantes retallistas e asociacións de vendedores das prazas de abastos

Criterios de avaliación

Premio	Punt. máxima	Criterio
Comercio Galego 2025	60 puntos	Identidade de marca comercial: ata 20 puntos Modelo de xestión comercial: ata 20 puntos Transición sustentable: ata 20 puntos
Comercio Traxectoria 2025	80 puntos	Identidade de marca comercial: ata 20 puntos Modelo de xestión comercial: ata 20 puntos Transición sustentable: ata 20 puntos Traxectoria comercial: ata 20 puntos
Comercio Emprende 2025	60 puntos	Identidade de marca comercial: ata 20 puntos Modelo de xestión comercial: ata 20 puntos Transición sustentable: ata 20 puntos
Comercio Dinamización 2025	20 puntos	Campañas de dinamización e fidelización: ata 20 puntos.
Comercio Sostible 2025	40 puntos	Campañas de dinamización e fidelización: ata 20 puntos. Fomento do consumo sustentable: ata 20 puntos.

As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude unha memoria explicativa de todos os aspectos que fundamentan a candidatura, a documentación acreditativa dos méritos alegados e fotografías do comercio onde se desenvolva a actividade.

Prazos de solicitude da axuda

O prazo de presentación de solicitudes irá dende o **27 de agosto ata o 29 de setembro de 2025**.